

X CAMPUS DE INICIACIÓN AO ATLETISMO MILLARAIO

OBXECTIVOS:

Concibido como ferramenta para facilitar a conciliación da vida familiar e laboral en épocas non lectivas, ofrece aos atletas moz@s do Club a posibilidade de minimizar a perda de contacto co deporte durante as vacacións. Para pequen@s de fóra do Club, é unha opción para ter unha primeira toma de contacto co mundo do atletismo dunha forma lúdica.

IDADES: NAD@S ENTRE 2017 E 2011 (AMBOS INCLUÍDOS)

LUGAR BASE:

Zona deportiva de **Milladoiro** (Ames)

HORARIOS DO CAMPUS:

QUENDA 1: 25-28 de xuño :

8:30-14:30 (chegada: entre 8:30 e 9:00, recollida entre 14:00 e 14:30).

QUENDA 2: 2-6 e 9-10 de setembro:

8:30-14:30 (chegada: entre 8:30 e 9:00, recollida entre 14:00 e 14:30).

- **CHEGADA e XOGO LIBRE: de 08:30 a 09:00**
- **ACTIVIDADES: de 09:00 a 14:00**
- **XOGO LIBRE e RECOLLIDA: de 14:00 a 14:30**

Proporcionarase un horario cas actividades concretas na semana anterior ao inicio do campus, no que se indicarán os días de piscina (en función das previsións meteorolóxicas) e as diferentes actividades que se realizarán durante o campus.

PREZO XERAL:

- **Socios do club (atletas con licenza 2024): 35 euros/1º quenda e 50 euros/2º quenda.**
- **Non socios: 45 euros/1º quenda e 60 euros/ 2º quenda.**

INSCRICIÓN ANTICIPADA CON DESCONTO PRIMEIRA QUENDA:

Ata 5 de xuño (30 euros para socios e 40 euros para non socios)

INSCRICIÓN ANTICIPADA CON DESCONTO SEGUNDA QUENDA:

Ata 18 de agosto (45 euros para socios e 55 euros para non socios)

* Desconto do 10% no caso de irmá(n)s que asistan xunt@s

FORMULARIO DE INSCRIPCIÓN: <https://forms.gle/AaCcCsJ5KQbExnB9A>

Data límite: 16 de xuño para a primeira quenda e 24 de agosto para a segunda.

Enviarase confirmación da praza finalizado o prazo de inscrición.

Unha vez recibida a confirmación da praza, enviar xustificante do pago a millaraio@gmail.com, xunto ao [impreso de autorizacións](#) debidamente cuberto.

En caso de non haber suficiente demanda poderase suspender a actividade, devolvéndose as cotas aboadas.

FORMA DE PAGO:

INGRESO ou TRANSFERENCIA na conta CAIXABANK: ES88 2100 2954 7202 00247631 (Concepto: Campus NOME e APELIDOS nen@).

MATERIAL NECESARIO:

- PARA TODOS OS DÍAS: Roupa e calzado deportivo, auga e merenda para media mañá.
- PARA OS DÍAS DE PISCINA (se o tempo o permite): traxe de baño, gorro e chancas.

MÁIS INFORMACIÓN:

Para dúbidas ou solicitar máis información escribir a millaraio@gmail.com.